



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SETE DE MARZO, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as dezanove horas e corenta minutos do día vinte e sete de marzo de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201400000000215 de dona M^a Carmen Mejuto Bandín.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, solicita licenza para obras de rehabilitación da vivenda consistente en cambiar dez fiestras e unha porta e revestir tres fachadas con pedra, nunca superficie aproximada de 100 m², e acondicionar terreo, de aproximadamente 100 m², lindante coa vivenda para xardín (Expediente. núm.: 2014/U009/000011), en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002101800NH43G0001RJ .

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será de un ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación.

As obras non afectaran á estrutura da mesma.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a pedra será do país e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de



seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos nove euros con oito céntimos (#209,08#)

2.2.- Instancia núm. 201400000000213 de dona Concepción Docampo Sanromán.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para obras de *instalación de dous invernadoiros para cultivos hortícolas en ecolóxico* (Expte. núm.: 2014/U009/000009), no lugar de Canicoba-San Mamede de Ribadulla, en solo cualificado como R2.Rústico de Especial protección agrícola segundo o vixente PXOM, cunha superficie de 500 m² cada un, segundo a memoria presentada, cun orzamento de 9.323,54 €.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A507006110000AJ.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Que a licenza solicitada é a instalación de invernadoiros, conforme ao disposto no artigo 37 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, como usos permitidos por licenza municipal. Que o artigo 44.2. pon que os invernadoiros que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables non estarán suxeitos ao disposto nos artigos 42 e 44. Que a instalación está composta por materiais lixeiros e facilmente desmontable polo que se entende que a instalación é autorizable urbanisticamente e executarse conforme á memoria presentada..

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oitenta e seis euros con corenta e sete céntimos (#186,47#).

2.3.- Instancia núm. 201300000001676 de don José Andrés Vieites López.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Lalín, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en cambiar a tella existente, aprox. 90 m² en planta; picar e encintar as fachadas principais, 60 m² cada unha, e cambiar seis fiestras e tres portas (Expte núm.: 2013/U009/000101), situada en Matelo, en solo cualificado no PXOM como Solo de Núcleo Rural (N-1).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001701600NH44A0001RE.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente,



debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

3º.- Deberá axustarse ao establecido polo Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xa que ao tratarse dunha edificación tradicional protexida do medio rural deberá cumprir coas seguintes condicións:

- As carpinterías exteriores deberán executarse en madeira pintada.

- As fachadas, logo das reparacións necesarias deberanse enfuscar e pintar novamente como está na actualidade nun cor da gama dos brancos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oitenta e un euros con corenta e seis céntimos (#181,46#).

2.4.- Instancia núm. 201400000000267 da Comunidade de Propietarios Fonda de Xián –Trobe.

Dáse conta da citada instancia na que don Nemesio García Montoto en representación da Comunidade de Propietarios Fonda de Xián (Trobe), con domicilio en Xián nº 34- Trobe, solicita licenza para obras de rehabilitación de muro de contención en diversos tramos, cunha lonxitude total aproximada de 30 m lineais, consistente en encintar e repoñer pedra nos tramos danados (Expte. núm.: 2014/U009/000012), en solo cualificado como N2, de expansión de núcleos rurais segundo o vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Trátase dun muro tradicional de cachotaría que non garda o retranqueo establecido pola aliñación do Plan Xeral para esa zona. O artigo 28 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, dispón que non se poderá derribar de maneira inxustificada muros tradicionais, polo que se considera que se pode rehabilitar.

Non se modificará o volume actual do peche e as obras non afectaran á súa estrutura.

3º.- Para levar a cabo a obra poderase ocupar a parte do vial municipal imprescindible para a súa execución, debendo sinalizar correctamente a obra para información dos usuarios da vía e levarase a cabo no menor tempo posible para evitar prexuízos a viandantes e vehículos. Adoptarase medidas de protección aos usuarios da vía.

Deberase comunicar ao concello o inicio e final da ocupación do vial municipal.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e oito euros con trinta céntimos(#98,30#).



2.5.- Instancia núm. 201400000000220 de don Julio Ponte Garea. (Expediente núm. 2014/U007/000002)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que con data 14/12/2010 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bazar nº 31- San Andrés de Trobe), (licenza núm. 2010/008/000025), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento vinte euros (#120#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de Acondicionamento de camiños municipais en Texo, A Ferreira e San Miguel de Sarandón.

Por Decreto da Alcaldía núm. 30/14, de data 5 de febreiro, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra consistente no *Acondicionamento de camiños municipais en Texo, A Ferreira e San Miguel de Sarandón*, incluída no Programa de mellora de camiños de titularidade municipal financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (FEADER).

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o trece de marzo do ano que andamos, á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido nos artigos 151. 1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, acordou clasificar as ofertas e requirir á empresa Martínez Montes e Hijos, S.L como candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase a documentación preceptiva.

Dado que o citado candidato presentou en prazo a documentación requirida, de conformidade co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do citado Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicarlle á empresa MARTÍNEZ MONTES E HIJOS, S.L con NIF núm. B-15025372 e domicilio social en Rúa da Lagoa, 6- Lucí (15883- Teo) o contrato de obras consistente en *Acondicionamento de camiños municipais en Texo, A Ferreira e San Miguel de Sarandón*, cos seguintes extremos:

1.1.- Prezo de adxudicación: corenta e nove mil novecentos euros (#49.900,00#) máis dez mil catrocentos setenta e nove euros (#10.479,00#) de IVE, que supón unha baixa de seiscentos corenta e seis euros con vinte céntimos (#646,20#) sobre do tipo.

1.2.- Ampliación prazo de garantía: 4 anos.

1.3.- Melloras ofertadas: 12.118,40 euros.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 453-609 do orzamento de gastos.

TERCEIRO.- Notificarlle a adxudicación a todos os licitadores e citar a Martínez Montes e Hijos, S.L, adxudicataria do contrato, para a formalización do mesmo.



Simultaneamente publicarase no Perfil do Contratante (www.concellodevedra.com)

CUARTO.- Unha vez formalizado o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde do proxecto, para a súa aprobación polo concello, despois do informe do coordinador de seguridade e saúde e a súa comunicación á autoridade laboral.

QUINTO.- Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

SEXTO.- Designar como director da obra á técnica municipal dona Clara Lema Rodríguez.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

4.1.- Escrito núm. 216/14 de Construcciones Boqueixón, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que don Jesús López López, en representación de Construcciones Boqueixón, S.L solicita a devolución do aval depositado para responder da execución das obras de Ampliación da rede de abastecemento en A Gándara (código 12.2100.00218.0) , incluída no POS 2012, ao rematar o prazo de garantía das mesmas.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

5º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Dáse conta do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar do 16 de marzo, pola que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63/2012).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais de titularidade municipal regulada no citado decreto, por importe de 157.579,40 euros, o seguinte detalle:

1.1.- Persoal: 15.013,00 euros

1.2.- Mantemento: 0,00 euros

1.3.- Axuda no fogar

1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 euros

1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 101.966,40 euros.

1.4.- Xestión de Programas:

1.4.1 - Escola Infantil: 40.600,00 euros.

Segundo.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse, cando menos, nas mesmas condicións que no ano anterior

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto presentado para a solicitude de transferencia finalista para o exercicio 2014 na contía de 249.423,48 que supón unha porcentaxe de 61,28% sobre do orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



6º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acredor	Descrición
00003-14	02/01/2014	2.045,27	Construcciones Boqueixón, S.L.	Ampliación rede saneamento en Laraño (As Pozas)-San Xián
00004-14	02/01/2014	5.322,38	Construcciones Boqueixón, S.L.	Ampliación rede saneamento en Laraño-San Xián
00005-14	02/01/2014	7.585,76	Construcciones Boqueixón, S.L.	Obra ampliación de pluviais en Laraño-San Xián
00006-14	02/01/2014	929,55	Construcciones Boqueixón, S.L.	Obra ampliación rede saneamento en Laraño-San Xián
00016-14	02/01/2014	3.514,32	Construcciones Boqueixón, S.L.	Obra ampliación de pluviais en Laraño-San Xián
00036-14	15/02/2014	5.180,39	Construcciones Boqueixón, S.L.	Obra ampliación de pluviais en Laraño e saneamento en Paradela
FE1432113864 6744	06/01/2014	268,80	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede mes novembro/2013 (IP 03B100323_0132)
2014/0449	28/02/2014	6.921,32	Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes febreiro
04310130/S	01/03/2014	41,00	Editorial Compostela, SA	Subscripción a <i>El Correo Gallego</i> mes marzo
566202360	05/03/2014	159,19	Mapfre Familiar S.A.	Póliza do seguro anual contratado para o servizo de voluntariado (01.03.2014 a 01.03.2015)
151214FS0012 024	14/03/2014	59,64	Supervisión y Control, S.A.	Inspección periódica obrigatoria (itv) do camión de recollida do lixo 9047HPG feita en marzo
WH-21317154264	12/03/2014	50,76	Estrategias WebSile, SL - VirtualPyme	Hospedaxe <i>femp-vedra.es</i> e renovación dominio <i>vedra.es</i> durante 1 ano (21/03/2014-20/03/2015)
03/C13-14	04/02/2014	540,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal a clases de debuxo e pintura meses xaneiro e febreiro
A/67/14	11/03/2014	320,00	A.N. de Agrupaciones de Voluntarios de Protección Civil	Seguro anual contratado para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vedra (13.02/2014 a 12.02.2015)
9	15/02/2014	459,80	Inteaga Enxeñería, S.C.	Coordinación de seguridade e saúde na obra Acondicionamento de camiños en Marzán Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde
8	15/02/2014	1.104,73	Inteaga Enxeñería, S.C.	Coordinación de seguridade e saúde na obra Rede de saneamento en Paradela e Laraño
532	28/02/2014	357,50	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autobús para excursión da 3ª Idade ás termas en Ourense o día 26/02/2014 con achegas dos participantes
A10004619	28/02/2014	264,99	Lamas Suárez José Ramón - Pinturas	Materiais para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón subministrados en febreiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



C14/1136	14/03/2014	199,65	Com. Extintores Galicia, SL	Revisión e inspección anual do sistema de detección de incendios no CPI de Vedra realizada en febreiro
7	01/03/2014	145,00	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos para atencións protocolarias na actividade Entroido municipal 2014
2/2014	10/03/2014	60,50	Vidal Castiñeiras María Carmen - Procuradora de los Tribunales	Dereitos e gastos pola intervención no recurso de suplicación 1276/13 ante o TSXG (contrario Pablo Frago Dacosta)
CI0705254689	15/03/2014	1.388,16	Vodafone España, S.A.U.	Servizos de telefonía fixa e móbil do 15/02/2014 ao 14/03/2014
14001285V	14/03/2014	703,01	Baygar, S.L.	Espellos e sinais para as vías públicas subministrados en marzo
168	10/03/2014	530,40	Xestedec Comunicación	Impresión boletín municipal mes marzo
6834001595	20/03/2014	15,00	El Corte Inglés, S.A. (ECI)	Materiais para actividades da 3ª Idade adquiridos en marzo
TA4JJ0012210	19/03/2014	21,97	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax de Servizos Sociais mes marzo
CR 08/14	21/03/2014	254,10	Galitrans-96, S.L.	Transporte de alimentos da Cruz Vermella para Servizos Sociais dende Coruña o día 21/03/2014
RECC/14-0248	17/03/2014	150,00	Femp	Cota de socio da rede española de cidades polo clima ano 2014
T 400.039	20/03/2014	242,00	Código Televisión, S.L. (Sociedad Unipersonal)	Publicidade do concello de Vedra na programación da televisión local <i>Correo TV</i> para promoción turística
624539088	19/03/2014	3.705,61	Allianz Seguros y Rea.,SA	Recibo póliza seguro anual camión recollida do lixo 9047HPG (01/04/2014 a 01/04/2015)
50601554	12/03/2014	353,81	Ricoh España, SLU	Cargo mínimo por fotocopias das máquinas das oficinas xerais mes marzo
562620146800 0130	14/03/2014	714,57	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Produto para arranxo de pistas subministrado en marzo
4304131/01	01/01/2014	41,00	Editorial Compostela, SA	Subscripción a <i>El Correo Gallego</i> mes xaneiro/2014
2524	24/03/2014	38,83	Vego Supermercados, SAU	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en marzo
8	19/03/2014	11,70	Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos para atencións protocolarias de visita de estranxeiros a Vedra (Congreso Internacional da Camelia)
RMB/14-0204	18/03/2014	150,00	Femp	Cota socio da Rede de Gobernos Locais+Biodiversidade ano 2014
34 2529	21/03/2014	890,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para o centro de saúde subministrado en marzo
		19,50	Pereiras Caldelas Mercedes	Quilometraxe de xaneiro, febreiro e marzo
03/102014	11/10/13	-3974,85	Eseled Consulting, S.L	Nota de abono parte factura 03/102013
03/102013	11/10/13	961,55	Eseled Consulting, S.L	Parte factura pendente de aprobación obra de aforro enerxético financiada polo INEGA
		13,00	Canedo de la Torre María	Quilometraxe de febreiro e marzo



A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón e Vedra para a promoción de actividades de xuventude e voluntariado.

Dáse conta do convenio de colaboración entre os concellos de Boqueixón e Vedra que ten como obxecto regular a colaboración entre os dous concellos, no desenvolvemento de actividades, programas, servizos e proxectos en materia de xuventude e voluntariado nos termos municipais de Vedra e Boqueixón, para o que se elaborará unha programación conxunta a desenvolver por ámbolos dous incluídos.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado convenio.

7.2.- Aceptación subvencións outorgadas pola Deputación provincial

Dáse conta da concesión das seguintes subvencións da área de desenvolvemento económico, Turismo e Medio Ambiente. Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da Deputación Provincial, dentro da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2014 (BOP núm. 58/14, do 26 de marzo):

Solicitude -Obxecto	Importe Subvención	Coeficiente financiamento	Pte subvencionada do que se ten que xustificar
<i>Formación para o emprego 2014-2015</i>	4.000	1	4.000
<i>Ampliación rede de abastecemento Vedra -Xián</i>	15.294,34	1	15.294,34

A Xunta de Goberno acorda aceptar as citadas subvencións.

7.3.- Concesión de axudas de emerxencia social

7.3.1.- Escrito núm. 340/14 de dona Sonia Albor Boo.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita unha axuda polo concepto de pago de alugamento de vivenda e equipamento básico.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda con cargo ao programa de emerxencia social por importe de cincocentos euros (#500,00#) para alugamento de dous meses de vivenda; douscentos quince euros con corenta céntimos (#215,40#) para gastos de subministro eléctrico e douscentos setenta e nove euros (#279,00#) para a reposición dunha lavadora.

Conclúe ao fío das vinte horas e trinta minutos.